

RICHARD HARDING DAVIS

# Na néboa

Traducido por María Alonso Seisdedos



Hugin e Munin

*Para Bruce e Nancy Clark*

## CAPÍTULO I

The Grill é o club de máis difícil acceso no mundo. Que a un o recoñezan entre os seus membros é unha honra equiparable á de quen pasou a ocupar unha vacante na Orde da Xarreteira<sup>1</sup> ou saú caricaturizado en *Vanity Fair*<sup>2</sup>.

Aqueles que pertencen a The Grill xamais o comentan en público. Se se lles pregunta que clubs frecuentan, hamos citar todos, agás ese en concreto. Temen que aludir á súa condición de socio poida parecer inmodestia.

The Grill fundouse na época na que o Teatro Shakespeare se achaba na actual redacción de *The Times*.

Ten unha grella<sup>3</sup> de ouro, agasallo de Carlos II, e mais o manuscrito orixinal de *Tom e Jerry en Londres*, que lle legou Pierce Egan<sup>4</sup> en persoa. Os socios, aínda hoxe, cando escriben cartas no club, utilizan area como secante.

---

<sup>1</sup>Orde de Cabalaría fundada por Eduardo III de Inglaterra en 1348 integrada polo monarca e non máis de vinte e cinco membros.

<sup>2</sup>Semanario satírico británico que se publicou entre 1868 e 1914 e que contiña unha caricatura dun persoeiro do Reino Unido en cada un dos seus números.

<sup>3</sup>De aí o nome do club en inglés: *grill* significa «grella».

<sup>4</sup>*Life in London: Or, The Day and Night Scenes of Jerry Hawthorne, Esq. and his Elegant Friend Corinthian Tom, accompanied by Bob Logic, the Oxonian, in Their Rambles and Sprees Through the Metropolis*, ilustrado polos irmáns Robert e George Cruikshank, saú en forma de folletín entre 1820 e 1821, antes de ser publicado nun volume nese último ano. A obra adquiriu enorme éxito na década de 1820 grazas ás adaptacións teatrais.

The Grill pódese gabar de que votou, sen prexuízos políticos, contra a admisión dun primeiro ministro de cada partido. Na mesma sesión na que se desestimou un destes, elixiuse, por causa do seu forte acento irlandés e as súas machadas, a Quiller, conselleiro da raíña<sup>5</sup>, que daquela era un avogado pobretón.

Paul Preval, o artista francés que veu a Londres para pintar un retrato do príncipe de Gales por encomenda da Casa Real, tras ser nomeado membro honorario (só os estranxeiros podían ser membros honorarios), logo de asinar a súa primeira carta de viños, dixo:

—Prefiro ver aquí o meu nome antes ca nun cadro no Louvre.

Ao que Quiller comentou:

—Doulle ao demo o eloxio! Hoxe en día os únicos que poden ler o seu nome no Louvre levan cincuenta anos mortos.

Na noite que seguiu á mesta néboa de 1897, había no club cinco socios, catro dos cales se afanaban en cear, mentres que un lía diante da cheminea. No club hai unicamente unha sala e unha mesa longa. Ao fondo da estancia, arde o lume do asador, que alaparea cando pinga a graxa; do outro lado, vese unha ampla galería de arco con vidreiras de rombos que dá á rúa.

Os catro homes que estaban á mesa non se coñecían de nada, pero en tanto que rillaban nos ósos das costelas e bebían grolos de whisky con sifón, parolaban con tan ameno entusiasmo que de entrar un visitante no club —que non consente visitantes—, logo os crería amigos de vello, non ingleses que coincidían por primeira vez e nin

---

<sup>5</sup>«Conselleiro da raíña» (ou do rei, nos períodos nos que o soberano é un varón) é un título honorífico concedido por patente real nalgúns países da Commonwealth a xuristas con máis de quince anos de experiencia.

